

**Facemos do BNG o instrumento  
para a autodeterminación nacional  
e a emancipación social**



[www.polabase.org](http://www.polabase.org)

**MOVIMENTO  
POLA BASE**

## Preámbulo

No ano 1982, o BNG aprobaba os seus principios políticos fundacionais. Así, afirmábase que “Galiza, como nación, ten dereito á autodeterminación e ao exercicio da soberanía nacional”, expresábase a “defensa da democracia e dos intereses populares”, a “necesidade de autoorganización política e social e non dependencia nas relacións de Galiza”, apostaba pola “solidariedade, antiimperialismo, paz e desarmamento no concerto internacional” e defendía un “modelo social” de “desenvolvemento económico contrario á dependencia de Galiza a prol do benestar de todo o pobo”.

Nesa Asemblea Fundacional tamén se asumía que “o nacionalismo é a resposta contra unha situación de dependencia económica, opresión cultural e política de Galiza que imposibilita a transformación e benestar da sociedade”.

Porén, as e os militantes que redactamos e/ou subscribimos os contidos deste documento de debate compartimos a preocupación polo rumbo político que vén seguindo a nosa organización. Un rumbo político que supuxo o abandono progresivo deses principios e que levou a nosa organización cara a unha deriva que se plasma en dous planos diferentes mais interrelacionados: o político-ideolóxico e o organizativo.

Desa preocupación común xorden os nosos anxeos en prol dunha maior intervención no traballo político da nosa organización, co fin de enfrontar os problemas detectados e de procurar irmos corrixindo colectivamente as eivas que hoxe dificultan a andaina dese tan fundamental como poderoso instrumento para a acción política que en Galiza é o BNG.

Por iso, logo de múltiples xuntanzas, un amplo e diverso grupo de militantes nacionalistas decidimos iniciar un proceso de conformación dun novo colectivo dentro do BNG, que demos en chamar “Movemento pola base”, para ocuparmos un espazo político abandonado dentro da nosa organización. Un colectivo que nace para defender un modelo diferenciado do hoxe practicado pola dirección da nosa organización e dos grupos que a apoian, ante o que consideramos unha traxectoria errática que nos dirixe cara á plena integración no sistema: un BNG no que a maioría das decisións políticas están máis afastadas do que Galiza precisa para poder autodeterminarse e do que as clases populares demandan para poderen emanciparse.

A nosa decisión está baseada na autoexixencia de responsabilidade coa situación e na necesidade de formulación de alternativas ante a incapacidade política da dirección da nosa organización para dar respostas acaídas tanto interna como externamente aos problemas políticos e organizativos que se teñen constatado nos últimos tempos.

Somos a militancia do BNG os e as que temos que nos convencer de que só recuperando a iniciativa política poderemos ter máis peso político e social. Cando dicimos isto, estamos a pensar nos traballadores e traballadoras galegas, que son a maioría social, tamén no conxunto da sociedade galega, en Galiza, porque cremos que é importante gobernar, pero non a calquera prezo.

Aínda que sabemos que nesta etapa non imos acadar a plena soberanía nacional, dada o actual contexto político e a correlación de forzas existente (factores sempre mudábeis), non podemos renunciar á súa referencia obrigada na estratexia actual porque só deste xeito seremos quen de integrar, en pé de igualdade, a todas as organizacións do movemento nacionalista para facermos o camiño até a consecución do dereito de autodeterminación, que si é o obxectivo final para o que foi creado o BNG.

No entanto, as persoas encargadas de redactarmos estes textos, por forza plenamente abertos e moi precisados doutras voces, facémolos chegar a todas e todos os que queiran participar do debate, imprescindible e esperamos que frutífero, para un mellor resultado final. Queremos deixar constancia de que o noso obxectivo vai máis alá da disidencia teórica e do que se está a facer no BNG; de aí o noso compromiso en sumar traballo e loita con outros compañeiros e compañeiras no terreo da práctica política, dos que tanto precisa a nosa organización frentista.

Debemos facer crítica e autocrítica na organización, porque sen este exercicio interno poida que os nosos principios queden convertidos en reliquias conceptuais. Hai que combater a inxustiza; construír desde abaixo cos de abaixo; deixar sen espazos de acción e de representación o individualismo e o localismo. Gobernar é algo máis que xestionar. Ningunha nación deba ser gobernada por publicistas ou expertos en imaxe, porque máis cedo que tarde aparece a evidencia política da falla de peso, e as verdades a medias dan en apropiarse aos poucos do espazo.

A democracia da que tanto falamos é o goberno do pobo e non pode ser un goberno dunha elite maquillada de democracia co disfrace de engano electoral. A democracia para nós é tamén a toma de consciencia política por parte do pobo, ou sexa, o coñecemento das causas da opresión, inxustiza e explotación da maioría por unha minoría, o que aplicado na vida interna dunha organización significa formación e, ademais, facer posíbel a vontade e as demandas do colectivo, para que estas se transformen en decisións e actos da dirección e nunca ao revés.

## **Análise xeral da situación política actual**

O BNG viuse na encrucillada do goberno da Xunta de Galiza, como xa antes fixera en moitos gobernos municipais, e as contradicións manifestaron as debilidades do proxecto. Antes de seren corrixidas estas, algúns dirixentes e grupos seguiron optando pola fuxida cara a diante para gobernar a calquera prezo, sen debater e clarificar o significado para a nosa alternativa política da conxuntura (táctica) fronte á estrutura (estratexia) e as súas interrelacións.

O medo a enfrontarse a esta situación levou a algúns dirixentes, en primeiro lugar, a agachar os verdadeiros problemas e logo a alongar artificialmente a situación de crise xa manifestada (máis aínda hoxe non diagnosticada correctamente) nas X e XI Asembleas Nacionais, para con posterioridade “fundamentar” a dita fuxida da realidade na necesidade de manter o “espírito de Riazor” como garante da unidade do nacionalismo.

Así é que se sostén in extremis unha situación fundacional que, malia ser desexábel, non se pode converter na coartada para manter posicións exclusivamente posibilistas no terreo da acción política que non corresponden ás necesidades actuais do BNG. Un BNG que xa deu mostras dabondo de ter esgotado unha etapa e que, con toda seguridade, precisa primeiro de clarificación democrática e despois, de ser posíbel, consenso a prol de maiorías e minorías nun proxecto actualizado, sen expectativas falsas de poder seguir avanzando tanto coa actual política como cos pactos coa socialdemocracia española formulados nos concellos ou para o goberno da Xunta.

Hoxe seguimos a precisar este debate en profundidade, sen medos, sen alentar o perigo do divisionismo naquelas posicións que reclamamos a clarificación necesaria do que facer, de como, e con quen o facer, porque sen darmos este paso non se pode seguir construíndo a alternativa nacionalista de esquerdas e desde abaixo e para a maioría dos galegos e galegas. Outra cousa é a conformidade dalgúns con seguiren teorizando e administrando o que é posíbel.

Queiramos ou non, estamos nun escenario político con diferenzas a respecto do pasado recente. A preocupación coa baixada electoral foi superada pola dirección coa interpretación trucada de que “por fin” chegamos ao goberno da Xunta de Galiza, confundindo intencionadamente plans, fases e tarefas, que xuntamente á rutina organizativa, os “chiringos” localistas, a imposición do amiguismo, as cotas de grupo nos nomeamentos e os discursos inservíbeis pero servís, alén de algunha liorta en prensa, conformaron a andaina da organización neste tempo.

Partindo desta análise global, propomos un debate polo miúdo a respecto dos dous problemas máis graves que se conclúen da devandita análise: a deriva no plano político-ideolóxico e a deriva no plano organizativo.

### **1. A deriva no plano político-ideolóxico**

Resulta máis que perceptíbel que, nos últimos tempos, a dirección política do BNG vén teimando nunha deriva no plano político-ideolóxico, que se concreta nunha viraxe estratéxica cara a posicións de pura xestión do marco autonómico (renunciando ao soberanismo), de marcado acento institucionalista (abandonando a mobilización e participación sociais como instrumentos da acción política) e da asunción plena do modelo socio-económico imperante (fuxindo da creación de alternativas a ese modelo, desde unha práctica política nidamente de esquerdas).

Isto, que en si mesmo xa é dunha gravidade extrema, está a ser perfectamente percibido por amplos sectores da sociedade galega, que acaban optando pola abstención ou mesmo por apoiar electoralmente unha alternativa como a do PSOE, ante a falta de definición clara e de actuación coherente por parte do BNG, organización que representa o nacionalismo político mais que parece ter unha dirección acomplexada por esta realidade.

A actual liña política do BNG -marcada desde a dirección sen o necesario debate interno co conxunto da afiliación- fai renuncia expresa de principios ideolóxicos e de obxectivos estratéxicos que son, e foron, o xermolo da propia organización. E aquí faise inevitábel referirmonos á actual formulación de Galeuscat, onde o nacionalismo galego aparece aliado con PNV, CDC e Unió (CiU), forzas que representan nas súas nacións unha peculiar visión do nacionalismo desde intereses socioeconómicos acordes co actual modelo de globalización neoliberal.

Deste xeito, a tan nociva como pretendida asimilación do BNG ao sistema (outra das teimas da actual dirección da organización) non resulta máis que a asimilación dunha elite dirixente a un determinado estatus, ben lonxe das necesidades da nación galega e da maioría social do noso país.

**1.1.** O obxectivo orixinario que deu lugar ao nacemento do BNG como organización de carácter frontista, isto é, a defensa do dereito de autodeterminación da nación galega é para a actual dirección do BNG un obxectivo esquecido e enterrado.

Tanto é así que no debate dun novo Estatuto para Galiza a dirección do BNG chega ao punto de autolimitarse neste aspecto e renuncia de facto a que o dereito de autodeterminación sexa cuestión a ter en conta no devandito debate estatutario, optando por unha vía autonomista, de mero posibilismo, negadora da contradición Galiza-Estado español no actual momento histórico.

É contradictorio renunciar ao dereito de autodeterminación aínda sabendo que é unha posición de máximos para esta negociación, cando o grupo dominante do españolismo non renuncia a ningún dos máximos para manter a dominación. E

mesmo así, aínda se autoimpón un acordo obrigatorio con PP e PSOE co obxectivo final de mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas trasladando ao pobo galego unha mensaxe política de que é posíbel a cadratura do círculo. Vai sendo hora, polo tanto, de que clarifiquemos que sen a reforma das constitucións española e europea, no sentido de engadir ao principio dos dereitos individuais dos cidadáns o dereito colectivo dos pobos, entre eles o noso, non culminaremos a nosa travesía de pobo sen estado.

Máis grave aínda é que o texto proposto polo BNG é exclusivamente da dirección. A expresión máis demostrativa desta afirmación é que o conxunto da militancia non participou nun debate de tanta importancia estratéxica. As e os militantes e as organizacións de masas nacionalistas foron reservadas para as presentacións e, se acaso, máis adiante, para algunha axitación.

**1.2.** É máis que patente o reiterado abandono de políticas dirixidas á mellora das condicións materiais de vida da maioría social do noso país, isto é, de políticas de esquerda dignas de tal nome.

Se había dúbidas ao respecto, o necesario acceso do BNG a responsabilidades de xestión de goberno (concellos, deputación da Coruña e agora na mesma administración autonómica) está marcado, en moitos casos e desgrazadamente, pola implementación de políticas de tinte neoliberal: privatización dalgúns servizos públicos e non reversión de políticas privatizadoras anteriores, escaso peso de políticas de carácter social (dirixidas aos segmentos sociais máis desfavorecidos) e falta de directrices nacionais a respecto de como deben ser estas, etc.

**1.3.** Nos últimos tempos, tamén é de salientar o calculado distanciamento que a dirección do BNG fai a respecto de movementos sociais da magnitude, por exemplo, do que desenvolve o sindicalismo nacionalista de clase, que é paradoxalmente xusto onde reside boa parte da base social organizada da frente nacionalista, así como do movemento cultural e de moitas outras organizacións sociais de carácter nidiamente nacionalista. De feito, a dirección do BNG deixou de acompañar estas loitas para se refuxiar nun bo entendemento coa patronal galega, pretendendo promover un “pacto social” que é alleo aos intereses da clase traballadora do noso país, ameazada polas máis diversas formas de precariedade laboral.

**1.4.** Tan incomprendible como errada é a actitude que se percibe na actual dirección do BNG a respecto dos movementos e organizacións sociais actuantes no noso país, e que son alicerce fundamental na construción dun amplo movemento nacionalista capaz de lle disputar a hexemonía ás forzas españolistas.

A incapacidade amosada polos dirixentes do BNG de establecer unha interlocución, de igual a igual, cos movementos e organizacións sociais é unha mostra inequívoca do abandono dunha práctica política coherente, encamiñada a conformar unha alternativa de fondo calado, de vocación transformadora e que teña como obxectivo a liberación nacional e a emancipación social en Galiza.

Asistimos así á renuncia implícita dun dos nosos principios fundacionais: a autoorganización do nacionalismo galego. Unha renuncia á que se chega por dúas vías. A primeira co calculado distanciamento dos movementos sociais, que só lles parecen ser útiles se supeditan a súa estratexia aos designios da dirección da organización política, minusvalorando a propia entidade dos devanditos movementos, así como o seu papel transformador e a necesidade da súa existencia nun movemento sociopolítico, como o nacionalismo galego, que procura a soberanía nacional e a emancipación social.

A segunda vía pola que se vén renunciando implicitamente á autoorganización ten a ver coa manipulación perversa do significado de “apertura á sociedade”, que na vez de implicar un maior achegamento da organización a colectivos e individuos converteuse nun abrir as portas dando entrada mesmo a persoas con escasísima consciencia nacionalista ás que se deu ampla cancha tanto a nivel orgánico como público.

**1.5.** Sintomático resulta o feito de que loitas como a da dignificación do noso idioma e cultura se vexan relegadas no traballo político que desenvolve o BNG, froito dunha práctica política que comeza a asumir o bilingüismo como feito normal, o que en boa lóxica provoca que a normalización do galego deixe de ser unha cuestión central na acción política promovida pola dirección do BNG.

Boa proba disto pode verse nos diferentes pactos de Goberno que o BNG leva asinando co PSOE, para a xestión nas administracións locais, na deputación da Coruña ou na Xunta de Galiza, onde a cuestión lingüística foi algo secundario, como tamén o está a ser en moitas actuacións dos diversos gobernos en que vimos participando, mesmo nos que somos a forza sobre a que se sustenta a acción de goberno.

**1.6.** Nos últimos tempos é de notar o afán, mesmo obsesivo, de cualificados dirixentes do BNG da busca da asimilación plena do proxecto nacionalista que representamos ao sistema imperante en todos os ámbitos, procurando como sexa unha homologación aos partidos e aos modelos políticos existentes.

Este feito maniféstase:

- no desenvolvemento de campañas electorais, baleiradas de contido político e nas que a mercadotecnia é o elemento definitorio;

- no absoluto predominio do marketing sobre a política, sometendo os criterios das nosas actuacións como organización a intereses de “mercadeo” político-electoral;
- nunha linguaxe política plenamente asimilada á linguaxe dos grupos dominantes (económicos, políticos e mediáticos), que non enmascara máis que a renuncia a principios ideolóxicos básicos do devir do nacionalismo en Galiza;
- no fomento do personalismo arredor de figuras como a do portavoz nacional, personalismo que é contrario ao necesario consenso democrático na toma de decisións.

**1.7.** Non menos preocupante é o desinterese manifesto da actual dirección do BNG por afondar na democracia participativa, como garante da necesaria intervención do pobo na chamada “rex pública” e, polo tanto, na construción do feito democrático desde os intereses da maioría social.

Neste sentido, resulta ben ilustrativa a análise das políticas desenvolvidas pola nosa organización nas tarefas de goberno asumidas nos diferentes ámbitos. Políticas que non se veñen caracterizando precisamente por promover e facilitar canles reais de participación e de control social das políticas públicas por parte da sociedade, máis alá da mera creación de consellos ou outros entes que fican no puramente nominal e non chegan a cambiar realmente a forma de tomar as decisións.

Este déficit democrático, desgrazadamente, tamén está a impregnar o día a día do BNG, e así que se está a furtar o debate no seo da nosa organización, instaurando unha dinámica política de corte verticalista e escasamente democrática e participativa.

**1.8.** A actual dirección do BNG parece redobrar nos últimos tempos a súa particular aposta polo institucionalismo como único modo de acción política da organización, desterrando elementos tan fundamentais como o da mobilización social, clave para afondar na conscienciación da sociedade e para enfrontar axeitadamente un proceso tan laborioso como o da construción nacional.

Esta primacía case única do institucionalismo provoca ademais que todas as estruturas do BNG traballen só en función dos tempos electorais, polo que nunca se planifica traballo político a medio e longo prazo. E así, órganos de dirección como os consellos locais e comarcais limitanse a desenvolver un papel de acompañamento da acción institucional e, en período electoral, acaban por funcionar como direccións técnicas das devanditas campañas electorais.

Precisamente son as institucións, os nosos representantes nelas, os que se acaban arrogando toda dirección política da organización, lonxe do control democrático que deben exercer tanto os organismos de dirección como o conxunto da militancia a través das asembleas.

**1.9.** Calculadamente ou non, o BNG actual vén rebaixando o papel que a mocidade organizada tiña dentro da organización e do propio proxecto nacionalista. Percíbese ademais o interese da dirección de facer de Galiza Nova un mero apéndice do BNG como estrutura, pretendendo a supeditación absoluta da organización xuvenil ás decisións adoptadas nos órganos de dirección do BNG.

A consecuencia disto, Galiza Nova estase resentindo e debilitando, como organización referencial para a mocidade galega, o cal é de suma importancia, xa que precisamente a capacidade de medre do nacionalismo reside moi fundamentalmente na xente nova e na súa adscrición ao proxecto nacionalista.

## **2. A deriva no plano organizativo**

É obvio que calquera deriva político-ideolóxica (como a descrita) acaba tendo, máis cedo que tarde, a súa deriva no plano organizativo, case sempre para lle furtar ás bases da organización a posibilidade do control real da mesma, que fica a mercé dunha elite dirixente que fai e desfai ao seu antollo, socavando a necesaria democracia interna.

No momento actual, isto é perfectamente exemplificábel para o caso da nosa organización, un BNG que se comeza a ver seriamente lastrado pola redución a mínimos da posibilidade de participación real das súas bases na toma de decisións da organización, o que conduce inexorablemente a unha militancia desmotivada, e mesmo desorientada, que diminúe o seu contributo ao traballo político do BNG.

**2.1.** Baixo a aparencia frontista, no BNG está despuntando un funcionamento de partido clásico no peor sentido da palabra, de corte vertical e cada día máis presidencialista, e todo isto sen dar un debate a fondo acerca da cuestión de revisar ou non o modelo organizativo. Debate que determinados sectores da fronte se limitaron a esbozar na prensa e que nunca pasou dos máximos organismos de dirección.

**2.2.** O asemblearismo do que sempre se fixo gala no BNG fica restrinxido a aspectos menores de carácter informativo. Así, as asembleas fóronse convertendo paulatinamente en espazos de escasa participación política, nos que resulta imposíbel dar debates de certo calado, nin sequera os de maior transcendencia da vitalidade política do BNG. Unha vez máis, a militancia de base -o mellor activo con que contou sempre o nacionalismo galego- ve limitada a súa capacidade de incidencia e de participación real no traballo político do BNG.

Os debates acaban por darse, con exclusividade, nos organismos de máxima representación (Comité de Dirección e Executiva), incluso aquelas de gran alcance, como o posicionamento do BNG a respecto da reforma estatutaria.

En paralelo a isto, vense producindo un crecente debilitamento da propia estrutura organizativa da fronte, motivada pola integración da práctica totalidade dos membros da devandita estrutura en tarefas e responsabilidades institucionais, o que está a provocar unha cada vez maior confusión entre institucións e organización, así como unha notábel disfunción no traballo político do BNG ao minguar bastante a capacidade da organización (é tal a confusión neste sentido que o propio sitio web do BNG parece máis o web institucional da Xunta que o da nosa organización).

Este cada vez maior verticalismo e presidencialismo podería acentuarse aínda máis se finalmente se acorda convocar unha asemblea nacional por delegados. Unha posibilidade recollida nos Estatutos do BNG da que até o de agora non se fixo uso e que, se se recorre a ela, tería como único fin facilitar un maior control por parte da dirección e dos grupos de poder sobre a organización e, en consecuencia, sobre a propia militancia. As consecuencias dunha asemblea deste tipo serían entre outras: limitar a xa escasa participación das e dos militantes no debate político; minizar calquera posíbel intento de crítica e autocrítica e impor, outra volta, non só os criterios da actual dirección da nosa organización senón mesmo a súa composición. Resulta obvio que os grandes prexudicados se se toma unha decisión dese alcance son esa maioría de militantes que carecen de adscripción partidaria ou colectiva dentro do BNG, que verían reducidas aínda máis as súas posibilidades de participación na organización.

**2.3.** Así mesmo, é máis que notoria a febleza organizativa do BNG a nivel comarcal e local, incluso en cidades nas que se goberna. E lonxe de buscar fórmulas para intentar atallar esta realidade, óbvíase a súa existencia.

A xeito de exemplo, nun concello como o de Compostela, no que formamos parte do equipo de goberno, existen sete persoas liberadas na institución -con dedicación exclusiva a esta- (dos cales catro son concelleiros) e ningunha persoa liberada na organización, nin sequera as que desempeñan tarefas como a responsabilidade local ou a de organización.

Na mesma comarca compostelá, que comprende máis de 20 concellos, apenas 2 liberados sustentan o traballo da devandita estrutura comarcal, nunha bisbarra na que se cogoberna en concellos como Ames ou Santiago e na que se posúe a alcaldía de Rois, alén de contar cun número importante de concelleiros/as.

**2.4.** A Carta Financeira da que se dotou recentemente o BNG non responde satisfactoriamente ás necesidades creadas, sobre todo nos ámbitos local e comarcal, onde a precariedade de medios para a actuación política que se precisa é alarmante.

Fronte a esta precariedade económica, son numerosos os cargos públicos da organización que perciben uns ingresos -derivados exclusivamente da súa representación institucional- que exceden escandalosamente os salarios medios do noso país. Contrariamente a isto, tamén se dá o paradoxo de que cargos institucionais do BNG sen responsabilidades de goberno (en diferentes concellos) entregan á organización a totalidade das remuneracións recibidas en concepto de axudas de custo (asistencia a plenos, comisións, etc.), e mesmo teñen que facer achegas económicas non pequenas para a realización o seu traballo político como representantes do BNG nas corporacións locais.

Esta precariedade económica, ademais, contrasta co desembolso de importantes sumas de diñeiro que se dilapida en campañas electorais fastuosas, de puro marketing, con deseño idéntico ao dos grandes partidos, co único ánimo de equiparar o BNG a estes. Campañas electorais que se deseñan a nivel nacional en organismos creados ad hoc nas que o contido político está supeditado á mercadotecnia, e que son de obrigado cumprimento para o resto da organización.

Incrementáanse extraordinariamente os custos campaña tras campaña, custos que deben ser asumidos polas asembleas locais e, en último termo, polo conxunto da afiliación do BNG (con cotizacións extras...).

E todo isto, ben lonxe de dous principios que deberan rexer a economía interna dunha organización como a nosa: o principio de austeridade e mais o principio de solidariedade.

**2.5.** Hoxe na práctica existe unha imposibilidade de fiscalización política, por parte mesmo dos organismos do BNG, do traballo institucional que se está a realizar nos diferentes ámbitos en que temos responsabilidades ou presenza.

Deste xeito, o poder real das decisións radica nos propios representantes institucionais e non nos diferentes órganos de dirección do BNG. As liñas estratéxicas a desenvolver no traballo institucional son na práctica decididas con exclusividade polos/as responsábeis institucionais, fóra do debate, análise e supervisión da organización.

### **3. Liñas de traballo no seo do BNG**

Mudarmos unha dinámica como a descrita, non sendo doado, precisa do establecemento dunhas pautas de actuación que, respectando as regras de xogo da organización, posibiliten unha mudanza real do actual BNG. Mudanza que entendemos que é necesaria, posíbel e urxente, e que, ademais, precisa da participación e do esforzo colectivo.

### **3.1. Propostas de actuación no plano político-ideolóxico.**

**3.1.1.** En primeiro lugar, parécenos básico enmarcar nidiamente o obxectivo prioritario do BNG como organización, que non é outro que a defensa do dereito de autodeterminación da nación galega. Polo tanto, a soberanía de Galiza só pode residir no pobo galego, que é quen debe posuír en último termo o poder de decisión. A nosa non pode ser por máis tempo unha soberanía delegada, que emana dun Estado que nos nega como nación e que minoriza a nosa identidade lingüística e cultural.

O BNG, xa que logo, en toda a súa acción política, sexa institucional ou do carácter que sexa, deberá ter como horizonte estratéxico e inmutábel este obxectivo, a autodeterminación nacional, que é un obxectivo irrenunciábel e a nosa razón de ser como organización política.

Así mesmo, na propia xénese do BNG concedíase un papel fundamental ás clases populares no proceso de liberación nacional e social. Pasados vinte e cinco anos desde o momento fundacional da nosa organización, este papel a desempeñar polas clases populares no proxecto foise esvaendo, cuestión que se debe reverter desde xa. Polo tanto, o BNG debe priorizar na súa proposta política a defensa dos intereses das clases populares, que son por outra parte as que máis están a padecer as consecuencias do modelo económico imperante.

**3.1.2.** No proceso de debate estatutario aberto no noso país faise necesario a recondución do traballo realizado polo BNG, co fin de implicar e mobilizar activamente á sociedade galega, ou cando menos aos seus sectores máis dinámicos, no obxectivo de acadar o autogoberno e, como fin último, a plena soberanía.

Nese sentido, non resulta admisíbel que a dirección do BNG se arrogue a capacidade de decisión que só lle compete ao pobo galego de alto tan transcendente como a integración de Galiza “libre e paccionadamente como Comunidade Autónoma na estrutura plurinacional do Estado español”, tal e como figura na proposta estatutaria adoptada pola nosa organización.

É máis, como nacionalistas que somos, temos, e o BNG ten, a obriga e toda a lexitimidade democrática para plantexar ante a sociedade galega mesmo a posibilidade de que Galiza, hoxe nación sen estado, aspire a contar cun estado propio, sempre que esa sexa a vontade maioritaria do pobo galego, a quen ninguén (nin os poderes do Estado) lle pode furtar a súa soberanía e a súa capacidade de decisión.

**3.1.3.** A conquista dun maior espazo institucional para o nacionalismo que representamos os homes e mulleres de BNG, así como dun maior peso social, debe poñerse ao servizo da maioría social do noso país, através da implementación de políticas consecuentes no eido do social, isto é, de políticas sociais que teñan realmente unha vontade transformadora. Ao mesmo tempo, estas políticas de carácter social teñen que estar encardinadas na procura doutra política económica xeral, que cuestione e defenda alternativas perante o actual modelo de globalización neoliberal tamén desde Galiza.

O certo é que hoxe por hoxe existe a capacidade de incidir sensibelmente, desde o espazo do público, en prol dunha económica máis xusta e igualitaria, que favoreza os intereses da maioría social do noso país e que, asemade, se basee na potenciación dos sectores básicos da economía galega. Mesmo é posíbel avanzar nun marco lexislativo que faga isto posíbel.

Paralelamente, é tempo de que a nosa organización abandone certas actuacións nesta materia que son máis propias de políticas neoliberais e que se traballe decididamente en favor, por exemplo, da transferencia ao sector público de servizos básicos e esenciais que sufriron procesos de privatización, ou do mantemento doutros sectores básicos que están en risco de ir a mans privadas.

**3.1.4.** Resulta imprescindíbel que o BNG recupere canto antes a relación en pé de igualdade cos movementos e organizacións sociais actuantes no noso país, evitando tutelas innesarias e corrixindo hábitos e rutinas que se foron instalando nos últimos tempos.

A nosa organización debe interiorizar que ten que ser quen de acompañar as loitas sociais que dan estes movementos e organizacións, mesmo facéndoas súas e xerando políticas que contribúan ao triunfo destas loitas sociais.

**3.1.5.** A defensa da identidade galega, así como dos dereitos políticos que nos asisten como nación que somos, ten na nosa lingua e cultura un dos trazos máis definitorios. Polo tanto, na axenda política do BNG este ten que ser un elemento central.

Asumilo como tal, implica unha práctica política diferente á actual, recuperando o discurso histórico do nacionalismo que ten na normalización social do noso idioma, na valorización da nosa cultura e no impulso do coñecemento da nosa historia e realidade en xeral obxectivos inaprazábeis da acción política a desenvolver.

Polo tanto, débense xerar desde a organización políticas decididas e activas en prol da nosa lingua, cultura e coñecemento histórico, políticas que deben abranxer o traballo institucional que desenvolve o BNG, mais tamén que impliquen o deseño dun traballo social constante, a curto, medio e longo prazo, co fin de normalizar a nosa realidade cultural e de impulsar plenamente os usos sociais do noso idioma.

**3.1.6.** Urxe que o BNG recupere, como sinal de identidade que lle é propio, o seu perfil inequivocamente nacionalista e de esquerdas, para o que cómpre aquilatar a mensaxe non ás exigencias fixadas polo marketing político-electoral, senón polas necesidades e intereses do pobo galego.

Sendo certo que nunhas sociedades como as actuais a mercadotecnia tamén xoga un papel relevante na vida das organizacións políticas, o importante é que a mensaxe adquira toda a súa relevancia e que a devandita mercadotecnia sexa un mero instrumento ao servizo desta. O BNG debe ser consciente desta realidade, para evitar ser devorada por toda unha voráxine que só favorece ao propio sistema, e non a quen busca o cambio e a transformación social.

**3.1.7.** O compromiso do BNG coa democracia participativa, é dicir, con formas que permitan unha democracia máis real e avanzada, non pode ficar nunha simple declaración de intencións, que aínda manifestando unha vontade favorábel ao respecto sexa incapaz de afondar neste camiño.

É necesario que, como organización, desenvolvamos iniciativas que abran novas vías de participación social e de control real das actuacións dos poderes públicos por parte da sociedade.

**3.1.8.** O BNG, como proxecto nacionalista de carácter emancipador tamén no social, ten que formar parte dun amplo movemento que loite por conquistar a hexemonía en Galiza, tal como se formulou a propia existencia da fronte desde o seu nacemento no ano 1982.

Esta loita pola hexemonía debe artellarse, mancomunadamente, cos movementos, organizacións e colectivos que acreditan na soberanía da nosa nación e que, desde os seus espazos propios, comparten a visión dunha Galiza ceibe e popular, berro que unifica estes anxeos e que non debe desaparecer do noso ideario político e da súa plasmación pública.

**3.1.9.** Resulta imprescindible que a acción política do BNG non se limite ao plano institucional e se combine coa mobilización social. Un proceso como o que pretendemos, de autodeterminación nacional e de emancipación social, precisa dun alto grao de conscienciación popular, que só se consegue desde esa combinación de espazos de loita, de xeito que esa construción sexa unha construción desde abaixo.

Temos que ser quen de superar a actual dependencia do calendario electoral para a nosa acción política, e de deseñar unha estratexia de traballo nesa dirección. O BNG debe dotar de maior sentido político ás súas estruturas, que deben ser reforzadas de forma perentoria.

É máis, todo avanzo electoral real, non sometido a determinadas conxunturas, só pode asentarse nunha organización que funcione máis alá do traballo específico nos períodos electorais. Unha organización na que a militancia recupere un papel dinámico, o que implica ademais que é unha militancia que participa plenamente da toma de decisións.

**3.10.** Fronte ás continuas tentacións da dirección do BNG de tutelar todas e cada unha das decisións que adopte Galiza Nova, o que se precisa é que esa mesma dirección contribúa ao seu desenvolvemento, como garante para a súa expansión como organización referencial para a mocidade do noso país e sempre desde o máis escrupuloso respecto á autonomía orgánica e con vontade de impluso das iniciativas autoxeradas pola nosa organización xuvenil.

O necesario medre de Galiza Nova debe vir impulsado desde o BNG na medida en que este asuma a importancia estratéxica de ter unha organización xuvenil consolidada, que desenvolva políticas desde, por e para a mocidade.

## **3.2. Propostas de actuación no plano organizativo**

**3.2.1.** Está máis que constatada a importancia determinante que ten a militancia do BNG para o desenvolvemento e consolidación da nosa organización como proxecto nacionalista de carácter transformador, até o punto de poder convertelo en hexemónico en Galiza.

A traxectoria histórica do BNG nestas dúas décadas e media, a súa consolidación como proxecto, sempre dependeu das capacidades dunha militancia entregada e non do apoio ou dos favores de ningún grupo de poder (económico, mediático...) que respaldase a súa acción política. Esta condición é consecuencia da súa propia orixe, como construción xenuína do pobo galego, que responde tanto ás súas necesidades como aos seus intereses.

Porén, a dinámica política e de toma de decisións dos últimos tempos, contribuíu negativamente a que a militancia se sentise plenamente involucrada na organización quedando, en non poucos casos, relegada unicamente a participar como cotizante.

Por iso, apostamos por un funcionamento realmente democrático do BNG, onde as asembleas teñan capacidade de debate, reflexión, opinión e toma de decisión de forma que a base militante recupere un papel determinante na dinamización da vida política tanto interna como externamente, aspectos que a dirección da organización deben impulsar e alentar. Esta e non outra, é a única fórmula que pode reilusionar a todas e todos os que conformamos o BNG, para que a nosa organización recupere o seu carácter de proxecto común, construído colectivamente e no que todas e todos nos sintamos implicados.



**3.2.2.** Urxe dinamizar tamén as diferentes estruturas organizativas, tanto a nivel local como comarcal ou nacional de forma que o traballo político deixe de ser tan dependente da actuación no plano institucional.

Esta dinamización pode vira dada, entre outras por:

Incorporación nos organismos de dirección de militantes procedentes de movementos e organizacións sociais.

Evitar, na medida do posíbel, a duplicidade de cargos, sexan estes institucionais ou orgánicos. Nos casos nos que se dea esa duplicidade deberanse xustificar debidamente os motivos que xustifican esta decisión.

**3.2.3.** Para impulsar o traballo orgánico é preciso compensar, dunha vez, o déficit de liberados no BNG, como forma de impulsar a recuperación da iniciativa política desde a propia organización.

**3.2.4.** Partindo de que as diferentes áreas de traballo institucional (goberno, grupos parlamentarios, grupos municipais...) precisan do necesario grao de autonomía nas súas tarefas, co fin de evitar caer en burocratismos estériles, faise necesario recobrar a capacidade de dirección dos diferentes órganos de goberno do BNG (Executiva, Consello Nacional, consellos comarcais e locais...), sen menoscabo de que sexan as asembleas nas que resida a capacidade de deseñar e consensuar as liñas mestras do traballo político da nosa organización e, xa que logo, do desempeñado na esfera institucional.

**3.2.5.** É necesario abordar a reformulación da Carta Financeira partindo dos principios de austeridade e solidariedade.

**3.2.6.** O BNG debera marcarse como obxectivo elaborar un Código Ético, de obrigado cumprimento, a asumir tanto polos membros dos organismos de dirección como polos representantes institucionais.

**Galiza, 7 de setembro de 2006**